

POR QUE É TAN NECESARIO SER SOCIO DO ANPA?

Estimadas familias:

Dende a ANPA queremosvos dar a benvida a este novo curso escolar 22/23. Este ano comezamos con cambios na directiva e con moita ilusión para unha etapa na que deixamos atrás as restricións do COVID. Contamos cunha oferta ampla de extraescolares, se a demanda o permite recuperaremos o PLAN MADRUGA e mantemos o SERVIZO DE COMEDOR entre outras moitas cousas.

A ANPA do CPI Toural é unha asociación apolítica, aconfesional e sen ánimo de lucro, unidos co único obxectivo de velar por unha educación de calidade no noso centro, protexendo deste xeito os intereses do alumnado.

Somos pais, nais en representación de tódolos niveis educativos (dende Infantil a 4º ESO) que de maneira desinteresada co noso esforzo e recursos dispoñibles, grazas as cotas dos socios, podemos levar a cabo, actuacións tan importantes coma:

- Representar ás familias no Consello Escolar e en tódolos **eventos, circunstancias ou lugares que o requiran**.
- Xestión do **servicio de comedor** e oferta do plan madruga.
- A organizar as actividades **extra-escolares** e excursión de fin de curso.
- Mediar entre as familias e o centro para cubrir as necesidades do alumnado.
- Tramitar axudas ante distintos organismos para poder **subvencionar os servizos** de comedor e plan madruga.
- Facilitar axuda a familias con dificultades mediante **a xestión do fondo solidario**.
- Colaborar coas actividades organizadas polo centro, como festas de Nadal, entroido ou festival fin de curso.
- Promover **melloras nas instalacións** do colexio.
- Desenrolar dentro do programa **Toural Diverso actividades extra curriculares** para o desenrolo saudable dos nosos fillos. Tendo en conta as necesidades, ameazas e retos que existen na sociedade e que quedan fora dos obxetivos académicos (acoso, perigos en internet, igualdade, educación sexoafectiva..)
- Levar a cabo a **escola de familias** para dotar de recursos que axudan a mellorar a educación dos nosos fillos en temas que nos preocupan.
- **Defender os intereses da escola** ante calqueira ameaza que poida poñer en perigo a calidade do ensino no centro. Como quedou en manifesto recentemente, conseguindo o profesor de máis necesario, grazas a postura firme e forte da ANPA e o apoio social conseguido
- **Manter informado aos socios** en temas de ámbito educativo; novas relacionadas co centro ou de interese xeral:

Youtube: Escola Familias CPI Toural

Correo electrónico: anpatoural@gmail.com

FacebookK: Anpa Toural Vilaboa

ANPA TOURAL
Toural 34- Vilaboa
anpatoural@gmail.com

Todo isto sería insostible sen un número de socios e as cotas anuais que aportades. Do noso traballo conxunto, socios e directiva, **depende poder seguir levando a cabo esta labor**. Se queres sumarte e contribuír neste proxecto común para mellorar a educación d@s nos@s fill@s faite socio cubrindo o formulario que adxuntamos.


Co certificado de socio, que podeades solicitar a través do noso correo electrónico, teredes descontos en:

- Odontoloxía Toural (enriba da farmacia) 5%.
- Librería Loli (Arcade) 5%.
- Óptica Arcade (fronte loterías) 2x1 en nenos e nenas e 20 % adultos.
- Opticalia Moaña 20% graduadas, 15% de sol, 10% lentes de contacto.

Aproveitamos para comunicarvos que o hipermercado Carrefour púxose en contacto con nós para ofrecer a todo o alumnado do centro os seguintes descontos:

- 5 euros de desconto por cada 70 euros en compra de libros de texto de Primaria e Secundaria.
- 5% en libros de texto de Infantil e Bacharelato.
- 5 euros de desconto por compras superiores a 30 euros en papelería.

TODOS ESTOS DESCONTOS ESTÁN DISPOÑIBLES ATE O 30 DE SETEMBRO DE 2022 PRESENTANDO ESTE CÓDIGO DE DESCENTO:



A ANPA é unha Asociación aberta a todos os pais e nais, na que interesan as vosas opinións e ideas, e na que se precisa da vosa participación para levar a cabo as iniciativas que xurdan. Todo aquel que estea interesado en formar parte da ANPA será benvido. Podeades poñervos en contacto con nós, para calqueira dúbida ou suxestión, mediante:

- O noso correo electrónico (anpatoural@gmail.com)
- O buzón de suxestión que se atopa o lado da cafetería.
- A través da páxina de facebook (ANPA O Toural)
- E o contacto directo con nós:

**Leticia Crespo (presidenta)*

**José Carlos José (vicepresidente e representante no Consello Escolar)*

**Ana Villaverde (secretaria)*

**María José Fernández (tesoureira)*

**Yésica Pérez (vogal encargada das actividades extraescolares)*

**María Fernández (vogal encargada do servizo de comedor)*

**Lucía Arosa, María Moreira, Miguel Pena, Marcos Conde e Natalia Sestelo (vogais)*